



PROTOCOLLO

COVID-19

ALUMNADO



- O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal.
- Será necesaria para acceder ao transporte escolar e ao recinto do colexio.
- Deberá traer unha máscara de reposto cun estuche na que gardala
- **NON** poden compartir material; cada un/unha debe traer o seu material.



Deberanse hixienizar as mans nos casos seguintes:

- Ao entrar no centro
- Ao entrar ás aulas.
- Antes e despois de usar o baño, merendar e ao entrar do recreo.





PROFESORADO

- Obrigatoriedade de uso de máscara no tempo que estea no centro.
- Difusión das medidas de seguridade individuais e colectivas.
- Ocuparse de ventilar a aula nos tempos e durante o tempo preciso.
- Dar exemplo na limpeza do espazo de traballo persoal. Desinfección de teclado e rato do ordenador da aula cando vaia ser utilizado por outro/a mestre/a.
- Aprender a utilizar os medios dixitais que se poñan a disposición.
- Asegurarse de que o alumnado coñece tamén eses medios.
- Avisar ao Equipo COVID no caso de que un neno presente síntomas compatibles coa enfermidade e seguir as súas indicacións.



EQUIPO COVID




No colexio existe un equipo formado en COVID composto por tres persoas.

Encárgase de:

- Vixiar polo cumprimento do establecido no protocolo de adaptación ao COVID-19.
- Distribuir adecuadamente os recursos procedentes da administración ou adquiridos polo propio centro.
- Comunicar ás Autoridades Educativas e Sanitarias a presenza de casos con sintomatoloxía compatible co COVID-19.
- Avisar á familia no caso de que un/unha neno/a se atope mal por síntomas de COVID.
- Designar á persoa que acompañará á/ó nena/neno ao espazo COVID e que estará con ela/el ata que veña a familia a recollela/o.

TRANSPORTE

- Cada nena / neno terá asignado un asento fixo no autobús para todo o curso e será obrigatorio o uso de máscara.
- Ao chegar ao centro o alumnado deberá baixar de un en un e formando unha ringleira na que se respecte a distancia de seguridade.
- A hora da saída adoptaranse as mesmas medidas de seguridade.



COMEDOR

- No comedor agruparase ao alumnado por aulas e separarase cada grupo do resto establecéndose un metro e medio de distancia ente eles.
- Cada alumno/a terá un lugar asignado que se deberá rexistrar co obxectivo de facilitar a localización dos contactos no caso de abrochos (brotes).
- De ser preciso, e para cumprir coas normas anteriores, poderanse establecer dúas quendas no comedor.





EN RELACIÓN COAS FAMILIAS

- Como norma xeral, as familias **NON PODERÁN ENTRAR NO CENTRO** para acompañar ao alumnado. Accederán ao colexio unicamente no caso de ter que resolver algún tipo de trámite administrativo ou para recoller a un neno/a para ir ao médico ou a outras xestións, tal e como se viña facendo.
- As titorías realizaranse, preferentemente, por teléfono ou videoconferencia; se se considera necesaria a presenza da familia para a reunión, a titora ou titor do alumno establecerá unha hora, a ser posible, pola tarde.
- As reunións do Consello Escolar realizaranse por vía telemática.

